



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 19 DE AGOSTO DE 2019 (SEGUNDA DO DÍA).

---

Asistentes:

ROBERTO CASTRO ROCAMONDE  
MARÍA JOSEFA CODESIDO BARREIRO  
ADELA ISABEL IGLESIAS TOJO  
GEMMA VERÓNICA LÓPEZ DE FUENTES  
XOÁN ANTÓN LOUZAO RODRÍGUEZ  
MARÍA ELVIRA MARTÍNEZ LÓPEZ  
JESÚS MARTÍNEZ PEREIRA  
MANUEL PUGA GARCÍA  
DARÍO REY SUÁREZ  
ALFREDO SOUTO CASTELO

Na Casa do Concello de Touro (A Coruña), sendo as catorce horas e quince minutos do día dezanove de agosto de dous mil dezanove, reuníronse os señores concelleiros da marxe ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria (segunda do día) do Pleno do Concello para a que foran previamente convocados, baixo a presidencia do señor Alcalde, D. Ignacio Codesido Barreiro, e coa asistencia do Secretario titular, D. José Antonio Gómez Pedreira.

Reunindo os asistentes o quórum necesario para a válida celebración das sesións, polo señor Alcalde abriuse a sesión cos seguintes puntos na orde do día:

I.- ALEGACIÓNS ANTEPROXECTO TRANSPORTE INTERURBANO.

Dáse conta da proposta de alegacións do grupo de goberno ao anteproxecto de explotación de servizos públicos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada (claves XG 800 e XG 891), nos termos que constan na documentación que foi enviada aos concelleiros para o seu estudo e debate.

Polo grupo Marea Veciñal de Touro preséntase as seguintes emendas á proposta do equipo de goberno, por D. Roberto Castro Rocamonde, en nome e representación do seu grupo, manifesta que se introduce a expresión “a demanda” na proposta inicial de emendas ás alegación sétima e oitava:

“Respecto ás alegacións Terceira, Cuarta e Quinta (relativas á liña XG8630201 (Merés-Santiago E.A.), engadir o seguinte:

Incluír unha nova expedición da liña XG8630201 (Merés – Santiago E.A.) con frecuencia semanal de LMMXV e temporada anual días non festivos con saída de Santiago ás 20:00.

Respecto ás alegacións Sétima e Oitava, incluír:

No período non lectivo (non habendo transporte escolar) hai unha enorme deficiencia na comunicación das parroquias con Fonte Díaz. Isto pode corrírse coa implementación de dúas novas expedicións a demanda durante este período, que cheguen a Fonte Díaz as 9:45 e retornen entre as 12:30 ou 13:00:

1. Liña de Novefontes, Fao, Ribeira, Foxás, Bendaña, Vilar, Prevediños, Bama, Enquerentes-Fontes Rosas, Loxo, Touro.

2. Liña de Beseño, Turces, Calvos, Circes, Cornado, Andeade, Quión, Touro.

Engadir á alegación os seguintes puntos:

A liña (XG806305) Turces-Castiñeiriño-Santiago E.A. prevista neste anteproxecto ten carácter lectiva; deberá modificarse e pasar a carácter anual. Así mesmo, en período lectivo deberá estenderse a súa frecuencia semanal incorporando un traxecto en sentido Santiago os domingos a media tarde, de xeito que permita a conexión desde Santiago E.A. con outros puntos dos principais núcleos de estudantes.

Trátase dun recorrido estratéxico, que vertebra unha área moi importante do concello.

A liña (XG806305) Turces-Castiñeiriño-Santiago E.A. deberá ter inicio na parroquia de Beseño (poboacións que neste anteproxecto non dispoñen de comunicación algunha excepto as liñas integradas; totalmente insuficientes) e incluír no seu traxecto a parada 1034-Cornado de xeito que permita unha mellora da comunicación que é demandada pola veciñanza.

Modificación/ampliación do recorrido da liña XG-86303 (Turces – Codeso – Santiago E.A.): na parte final, unha vez chega a Andeade, continuar por Cornado-1034, Calvos, Circes, Turces e final en Beseño. Melloraría a conexión de Fonte Díaz con todas as parroquias situadas ao Leste en horario de tarde, tanto para retornar de Santiago como de Fonte Díaz.

Instar á Dirección Xeral de Mobilidade a que estime estas alegacións.”

Polo grupo do BNG preséntase as alegacións seguintes á proposta do equipo de goberno:

“Ante a publicación do anuncio do 1 de xullo de 2019 da Dirección Xeral de Mobilidade, polio que se someten a información pública os proxectos de explotación de servizos públicos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada (claves XG 800 e XG 891) e, en concreto, o proxecto de explotación denominado, leste da comarca de Santiago e nordeste da do Deza. Clave XG 863, presenta as seguintes alegacións:

1. As presente alegacións refírense as liñas XG 86301/86302/86303/86305 encadradas no proxecto de explotación denominado leste da comarca de Santiago e nordeste da do Deza.
2. O presente proxecto resulta practicamente idéntico ao Servizo actualmente en vigor no Concello de Touro, tanto nas rutas como nas expedicións, nas paradas e nos horarios polo que apenas supón algunha mellora respecto ao Servizo prestado até o presente.
3. No proxecto sometido á exposición pública faise un estudo da evolución da demanda en función dos datos de uso do transporte no pasado, claramente deficitario e obsoleto, polo que as estimacións non contemplan o probable incremento da demanda derivado dunha ordenación máis axeitada á realidade actual.
4. Así mesmo o estudo da evolución do crecemento da poboación faise de forma xenérica sen analizar a diferente evolución da poboación nas diferentes parroquias nin a estimación da futura poboación estudiantil no ensino postobrigatorio e universitario que obrigatoriamente deberán desprazarse fóra do Concello de Touro para realizar estes estudos.
5. No apartado referido aos principais centros de atracción e xeración de viaxeiros non aparece o polígono empresarial de Touro, a feira mensual do día 5 en Fonte Díaz nin tampouco o CPI Fonte Díaz. O Servizo de transporte público específico para a feira do día 5 debe ser incluído no plan de transporte regular de viaxeiros.
6. Unha parte das parroquias do Concello seguen quedando excluídas das expedicións como xa o estaban até o de agora, non habendo por tanto unha mellora na prestación de servizos no actual proxecto, quedando a poboación destas parroquias cun servizo claramente deficitario ao necesitar de medios de transporte propios para acercarse a parada máis próxima. É necesaria unha remodelación das liñas que inclúan paradas en todas estas parroquias.

7. Non se contempla a posibilidade dunha liña Touro-Arzúa, cando esta localidade é xeradora e captadora de viaxeiros por ser cabeza de comarca, ter centro de ensino con ensinanzas postobrigatorias e profesionais ademais de celebrar dúas feiras mensuais.
8. Tampouco se contempla o enlace destas liñas coa liña Lugo Santiago (clave XG 802) ao seu paso polo Concello do Pino, saída natural cara a Santiago de todas as parroquias da metade leste do Concello de Touro. Esta conexión e/ou a creación de liñas de ida e volta dende o Concello ate Santiago por esta ruta é imprescindible se se pretende dotar ao Concello dun transporte público áxil e adaptado ás necesidades da poboación actual.
9. Así mesmo é conveniente que haxa unha coordinación nos horarios entre as liñas que son obxecto destas alegacións coa liña XG 86307 Merza-Vila de Cruces-Santiago, por coincidir en ambas liñas unha parte do seu recorrido. Especialmente para mellorar a frecuencia en todas as parroquias do oeste do Concello.
10. Igualmente é necesario que os horarios das liñas se adapten aos horarios dos centros educativos postobrigatorios e universitarios de Santiago de Compostela para posibilitar cursar estes estudos e residir no Concello de Touro.
11. No actual proxecto non se recolle unha conexión axeitada entre o núcleo de Fonte Díaz (capital do Concello de Touro onde se atopan os principais servizos) e as diferentes parroquias do Concello.
12. Non se contempla a inclusión do servizo baixo demanda para ningunha das liñas obxecto destas alegacións, Servizo que de xestionarse de forma axeitada debe ser unha ferramenta moi útil para as zonas rurais.

Por todo o exposto e polo que se SOLICITA:

1.º- Que se teñan por presentadas estas alegacións referidas as Liñas XG 86301/86302/86303/86305 e se teñan en conta antes de outorgar a explotación destas liñas de viaxeiros.

2.º- Que previa a calquera concesión se leve a cabo un estudo pormenorizado, do que adolece o presentado a información pública, das necesidades e demandas reais presentes e potenciais específicas do Concello de Touro, cunha poboación rural dispersa e envellecida e se cree un Servizo adaptado a esas necesidades.

3.º- Que, en todo caso, calquera Servizo de transporte de viaxeiros por estrada no Concello de Touro debe garantir a compatibilidade de residir no Concello con traballar ou estudar fóra del para o cal é imprescindible:

- Adaptación aos horarios dos centros educativos (ensino postobrigatorio e universitarios) de Santiago de Compostela.
- Conexión das liñas obxecto destas alegacións coa liña Lugo-Santiago (clave XG-802).
- Coordinación dos horarios das liñas obxecto destas alegacións cos da liña Merza-Vila de Cruces-Santiago, clave XG 86307, tamén sometidas a información pública no mesmo proxecto de explotación.
- Unha boa conexión de Fonte Díaz co resto das parroquias que permita acceder á poboación aos servizos esenciais (Concello, centro de saúde, entidade financeira, comercio...).
- Inclusión no servizo de transporte baixo demandan, desenvolvendo este Servizo e informado adecuadamente á poboación do seu funcionamento.”

Polo señor concelleiro D. Xoán Louzao Rodríguez manifesta que a emenda concrétase en tres cuestións:

- a) Adaptación aos horarios dos centros educativos.
- b) Incorporación a petición baixo demanda das liñas non integradas.
- c) Creación dunha nova liña Touro-Arzúa.

Polo grupo do PSG-PSOE preséntase a seguinte emenda:

“Ante a presentación do anteproxecto de explotación do plan de transporte público de Galicia (claves XG-800 a XG-891), publicado o 1 de xullo de 2019 pola Dirección Xeral de Mobilidade, e en concreto, co proxecto de explotación co título “Leste da comarca de Santiago e Norte da do Deza (Clave XG-863), veño a presentar as seguintes alegacións:

1. Estas alegacións están encadradas dentro das melloras que consideramos oportunas en canto o que fai referencia ás liñas que aparecen no Anteproxecto do Leste da comarca de Santiago e norte da do Deza, correspondente ás claves XG-86301, XG-86302, XG-86303 e XG86305.
2. Levando a cabo unha comparativa coas liñas actuais non se aprecia unha mellora do servizo que facilite a mobilidade dos usuarios, en termos de igualdade, seguridade, calidade, eficiencia social e sostenibilidade medioambiental, que están reflectidos na presentación deste anteproxecto, nin tampouco nos parece que vaia a fomentar e potenciar o servizo público como alternativa ao transporte particular.
3. Que o transporte público debe recoller tódalas necesidades da poboación independentemente de onde vivan, ofrecendo un verdadeiro servizo de calidade.
4. Que non se recolle neste anteproxecto unhas liñas que teñan en conta a feira do día 5 de cada mes en Touro.
5. Con respecto ao estudo poboacional que fai o anteproxecto deixa claro o descenso poboacional no concello de Touro, isto non debe ser óbice para dar un servizo para toda a poboación e implementar dende o Concello medidas para que esta situación non siga nesa liña descendente, aplicando políticas de asentamento e crecemento da poboación.
6. Non figura neste anteproxecto unha liña que cubra o traxecto Touro-Arzúa, nin tampouco Touro-O Pino por ser unha saída lóxica o quedar máis preto da conexión con Santiago.
7. Non ten en conta a conexión das parroquias co centro administrativo, sanitario e comercial de Touro.
8. O anteproxecto non fai referencia aos horarios das liñas, nin o número de frecuencias, tanto a Santiago, entre as parroquias e o centro administrativo do concello.

Polo exposto, SOLICITA:

Se teñan por presentadas estas alegacións e se teña en conta a necesidade de axustar as liñas á estrutura do concello e as necesidades da poboación, polo que é necesario:

- Adaptar as liñas aos circuitos que abarquen a todas as aldeas e parroquias de Touro.
- Horarios de transporte que permita aos estudantes compatibilizar o acudir as clases e voltar os seus domicilios.
- Conexión entre as parroquias co centro administrativo para levar a cabo as xestións sanitarias, administrativas, comerciais, etc. Propoñendo dúas frecuencias de chegada a Fonte Díaz (9 e 11 horas) e dúas de saída cara as parroquias (11:30 e 13:30).”

Por D<sup>a</sup> Gemma López de Fuentes, en nome e representación do grupo do PSG-PSOE maniféstase que a súa emenda tense recollida, substancialmente, nas emendas presentadas polos grupos Marea Veciñal de Touro e BNG.

Sometida a votación a emenda, nos termos establecidos na proposta anteriormente transcrita do grupo Marea Veciñal de Touro, o Pleno, por unanimidade, acorda a súa incorporación ao texto proposto polo equipo de goberno.

Sometida a votación a emenda nos termos propostos polo grupo do BNG, o Pleno, por unanimidade, acorda a súa incorporación ao texto proposto polo equipo de goberno.

Vistos os antecedentes e publicado no Diario Oficial de Galicia, nº 139 do día 23 de xullo de 2019, pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, o ANUNCIO do 1 de xullo de 2019, da Dirección Xeral de Mobilidade, polo que se dá publicidade da Resolución do 1 de xullo de 2019 pola que se someten a información pública os proxectos de explotación de servizos públicos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada (claves XG800 a XG891).

Con data do 1 de xullo de 2019, a Dirección Xeral de Mobilidade emitiu resolución pola que se someten a información pública, ao abeiro do número 1 do artigo 75 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, por un prazo de vinte (20) días hábiles desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia, os proxectos a que se refire o anuncio.

Na actualidade o servizo de transporte no Concello de Touro, conta coas seguintes expedicións e frecuencias:

| Código      | Código ruta | Nome da ruta           | Sentido | Frecuencia semanal | Tipo de días | Temporada anual | Hora de saída | Hora de chegada | Expedición a demanda |
|-------------|-------------|------------------------|---------|--------------------|--------------|-----------------|---------------|-----------------|----------------------|
| XG863010101 | XG8630101   | Hortas - Santiago E.A. | Ida     | LMMcXVS            | No festivos  | Anual           | 08:00         | 09:15           | No                   |
| XG863010102 | XG8630101   | Hortas - Santiago E.A. | Ida     | LMMcXVS            | No festivos  | Anual           | 14:15         | 15:30           | No                   |
| XG863010103 | XG8630101   | Hortas - Santiago E.A. | Volta   | LMMcXVS            | No festivos  | Anual           | 13:00         | 14:15           | No                   |
| XG863010104 | XG8630101   | Hortas - Santiago E.A. | Volta   | LMMcXVS            | No festivos  | Anual           | 18:00         | 19:15           | No                   |
| Código      | Código ruta | Nome da ruta           | Sentido | Frecuencia semanal | Tipo de días | Temporada anual | Hora de saída | Hora de chegada | Expedición a demanda |
| XG863010201 | XG8630102   | Touro - Santiago E.A.  | Ida     | LMMcXV             | No festivos  | Anual           | 10:00         | 10:56           | No                   |
| XG863010202 | XG8630102   | Touro - Santiago E.A.  | Volta   | LMMcXV             | No festivos  | Anual           | 11:30         | 12:26           | No                   |
| Código      | Código ruta | Nome da ruta           | Sentido | Frecuencia semanal | Tipo de días | Temporada anual | Hora de saída | Hora de chegada | Expedición a demanda |
| XG863020101 | XG8630201   | Meres - Santiago E.A.  | Ida     | LMMcXV             | Non festivos | Anual           | 07:15         | 08:34           | No                   |
| XG863020102 | XG8630201   | Meres - Santiago E.A.  | Volta   | LMMcXV             | Non festivos | Anual           | 14:30         | 15:49           | No                   |

| Código      | Código ruta | Nome da ruta                          | Sentido | Frecuencia semanal | Tipo de días | Temporada anual | Hora de saída | Hora de chegada | Expedición a demanda |
|-------------|-------------|---------------------------------------|---------|--------------------|--------------|-----------------|---------------|-----------------|----------------------|
| XG863050101 | XG8630501   | Turces - Castiñeiriño - Santiago E.A. | Volta   | LMMcXV             | Todos        | Lectiva         | 14:25         | 15:40           | No                   |
| XG863050103 | XG8630501   | Turces - Castiñeiriño - Santiago E.A. | Ida     | LMMcXV             | Todos        | Lectiva         | 07:15         | 08:30           | No                   |

| Código      | Código ruta | Nombre de la ruta               | Sentido | Frecuencia semanal | Tipo de días | Temporada anual | Hora de saída | Hora de chegada | Expedición a demanda |
|-------------|-------------|---------------------------------|---------|--------------------|--------------|-----------------|---------------|-----------------|----------------------|
| XG863030101 | XG8630301   | Turces - Codeso - Santiago E.A. | Volta   | LMMcXV             | No festivos  | Anual           | 19:00         | 20:22           | No                   |

Así mesmo tamén está incluída a liña que poden usar os veciños/as de Bendaña que é a

| Código      | Código ruta | Nome da ruta                  | Sentido | Frecuencia semanal | Tipo de días | Temporada anual | Hora de saída | Hora de chegada | Expedición a demanda |
|-------------|-------------|-------------------------------|---------|--------------------|--------------|-----------------|---------------|-----------------|----------------------|
| XG863080101 | XG8630801   | Ponte Ledesma - Santiago E.A. | Ida     | LMMcXV             | Todos        | Lectiva         | 07:50         | 08:30           | No                   |
| XG863080102 | XG8630801   | Ponte Ledesma - Santiago E.A. | Volta   | LMMcXV             | Todos        | Lectiva         | 18:30         | 19:10           | No                   |

Liña de expedicións que se inclúe no anteproxecto que non figuraban no anterior proxecto:

| Código      | Código ruta | Nome da ruta                          | Sentido | Frecuencia semanal | Tipo de días | Temporada anual | Hora de saída | Hora de chegada | Expedición a demanda |
|-------------|-------------|---------------------------------------|---------|--------------------|--------------|-----------------|---------------|-----------------|----------------------|
| XG863050102 | XG8630501   | Turces - Castiñeiriño - Santiago E.A. | Ida     | LMMcXV             | Todos        | Lectiva         | 17:30         | 18:45           | No                   |
| XG863050104 | XG8630501   | Turces - Castiñeiriño - Santiago E.A. | Volta   | LMMcXV             | Todos        | Lectiva         | 20:30         | 21:45           | No                   |

Liñas de expedicións CPI Plurilingüe de Fonte Díaz:

| Código      | Código ruta | Nome da ruta  | Sentido | Frecuencia semanal | Tipo de días | Temporada anual | Hora de saída | Hora de chegada | Expedición a demanda |
|-------------|-------------|---|---------|--------------------|--------------|-----------------|---------------|-----------------|----------------------|
| XG863110101 | XG8631101   | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Castelo - Ribeira 2 | Ida     | LMMcV              | Todos        | Lectiva         | 16:05         | 16:55           | Si                   |
| XG863110102 | XG8631101   | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Castelo - Ribeira 2 | Ida     | X                  | Todos        | Lectiva         | 17:05         | 17:55           | Si                   |
| XG863110103 | XG8631101   | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz -                     | Ida     | LMMcXV             | Todos        | Non lectiva     | 16:05         | 16:55           | Si                   |

| <b>Código</b> | <b>Código ruta</b> | <b>Nome da ruta</b>                              | <b>Sentido</b> | <b>Frecuencia semanal</b> | <b>Tipo de días</b> | <b>Temporada anual</b> | <b>Hora de saída</b> | <b>Hora de chegada</b> | <b>Expedición a demanda</b> |
|---------------|--------------------|--|----------------|---------------------------|---------------------|------------------------|----------------------|------------------------|-----------------------------|
|               |                    | Castelo -<br>Ribeira 2                           |                |                           |                     |                        |                      |                        |                             |
| XG863120101   | XG8631201          | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Ribeira 2        | Volta          | LMMcXV                    | Todos               | Lectiva                | 09:00                | 09:45                  | Si                          |
| XG863120102   | XG8631201          | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Ribeira 2        | Ida            | LMMcV                     | Todos               | Lectiva                | 16:05                | 16:50                  | Si                          |
| XG863120103   | XG8631201          | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Ribeira 2        | Ida            | X                         | Todos               | Lectiva                | 17:05                | 17:50                  | Si                          |
| XG863120104   | XG8631201          | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Ribeira 2        | Volta          | LMMcXV                    | Todos               | Non lectiva            | 09:00                | 09:45                  | Si                          |
| XG863120105   | XG8631201          | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Ribeira 2        | Ida            | LMMcXV                    | Todos               | Non lectiva            | 16:05                | 16:50                  | Si                          |
| <b>Código</b> | <b>Código ruta</b> | <b>Nome da ruta</b>                              | <b>Sentido</b> | <b>Frecuencia semanal</b> | <b>Tipo de días</b> | <b>Temporada anual</b> | <b>Hora de saída</b> | <b>Hora de chegada</b> | <b>Expedición a demanda</b> |
| XG863140101   | XG8631401          | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Baiobre-Cruce    | Volta          | LMMcXV                    | Todos               | Lectiva                | 09:02                | 09:45                  | Si                          |
| XG863140102   | XG8631401          | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Baiobre-Cruce    | Ida            | LMMcV                     | Todos               | Lectiva                | 16:05                | 16:48                  | Si                          |
| XG863140103   | XG8631401          | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Baiobre-Cruce    | Ida            | X                         | Todos               | Lectiva                | 17:05                | 17:48                  | Si                          |
| XG863140104   | XG8631401          | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Baiobre-Cruce    | Volta          | LMMcXV                    | Todos               | Non lectiva            | 09:02                | 09:45                  | Si                          |
| XG863140105   | XG8631401          | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Baiobre-Cruce    | Ida            | LMMcXV                    | Todos               | Non lectiva            | 16:05                | 16:48                  | Si                          |
| <b>Código</b> | <b>Código ruta</b> | <b>Nome da ruta</b>                              | <b>Sentido</b> | <b>Frecuencia semanal</b> | <b>Tipo de días</b> | <b>Temporada anual</b> | <b>Hora de saída</b> | <b>Hora de chegada</b> | <b>Expedición a demanda</b> |
| XG863150101   | XG8631501          | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Empalme De Vilar | Volta          | LMMcXV                    | Todos               | Lectiva                | 09:11                | 09:45                  | Si                          |

| XG863150102   | XG8631501          | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Empalme De Vilar | Ida            | LMMcV                     | Todos               | Lectiva                | 16:05                | 16:39                  | Si                          |
|---------------|--------------------|--|----------------|---------------------------|---------------------|------------------------|----------------------|------------------------|-----------------------------|
| XG863150103   | XG8631501          | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Empalme De Vilar | Ida            | X                         | Todos               | Lectiva                | 17:05                | 17:39                  | Si                          |
| XG863150104   | XG8631501          | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Empalme De Vilar | Volta          | LMMcXV                    | Todos               | Non lectiva            | 09:11                | 09:45                  | Si                          |
| XG863150105   | XG8631501          | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Empalme De Vilar | Ida            | LMMcXV                    | Todos               | Non lectiva            | 16:05                | 16:39                  | Si                          |
| <b>Código</b> | <b>Código ruta</b> | <b>Nome da ruta</b>                              | <b>Sentido</b> | <b>Frecuencia semanal</b> | <b>Tipo de días</b> | <b>Temporada anual</b> | <b>Hora de saída</b> | <b>Hora de chegada</b> | <b>Expedición a demanda</b> |
| XG863160101   | XG8631601          | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Barreiriña       | Ida            | LMMcV                     | Todos               | Lectiva                | 16:05                | 17:00                  | Si                          |
| XG863160102   | XG8631601          | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Barreiriña       | Ida            | X                         | Todos               | Lectiva                | 17:05                | 18:00                  | Si                          |
| XG863160103   | XG8631601          | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Barreiriña       | Ida            | LMMcXV                    | Todos               | Non lectiva            | 16:05                | 17:00                  | Si                          |
| XG863160104   | XG8631601          | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Barreiriña       | Volta          | LMMcXV                    | Non festivos        | Anual                  | 10:30                | 11:25                  | Si                          |
| <b>Código</b> | <b>Código ruta</b> | <b>Nome da ruta</b>                              | <b>Sentido</b> | <b>Frecuencia semanal</b> | <b>Tipo de días</b> | <b>Temporada anual</b> | <b>Hora de saída</b> | <b>Hora de chegada</b> | <b>Expedición a demanda</b> |
| XG863170101   | XG8631701          | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Lubagueiras      | Volta          | LMMcXV                    | Todos               | Lectiva                | 09:00                | 09:45                  | Si                          |
| XG863170102   | XG8631701          | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Lubagueiras      | Ida            | LMMcV                     | Todos               | Lectiva                | 16:05                | 16:50                  | Si                          |
| XG863170103   | XG8631701          | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Lubagueiras      | Ida            | X                         | Todos               | Lectiva                | 17:05                | 17:50                  | Si                          |
| XG863170104   | XG8631701          | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Lubagueiras      | Volta          | LMMcXV                    | Todos               | Non lectiva            | 09:00                | 09:45                  | Si                          |



| XG863170105 | XG8631701   | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Lubagueiras              | Ida     | LMMcXV             | Todos        | Non lectiva     | 16:05         | 16:50           | Si                   |
|-------------|-------------|--|---------|--------------------|--------------|-----------------|---------------|-----------------|----------------------|
| Código      | Código ruta | Nome da ruta   | Sentido | Frecuencia semanal | Tipo de días | Temporada anual | Hora de saída | Hora de chegada | Expedición a demanda |
| XG863180101 | XG8631801   | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Remesquide - Lubagueiras | Ida     | LMMcV              | Todos        | Lectiva         | 16:05         | 16:55           | Si                   |
| XG863180102 | XG8631801   | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Remesquide - Lubagueiras | Ida     | X                  | Todos        | Lectiva         | 17:05         | 17:55           | Si                   |
| XG863180103 | XG8631801   | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Remesquide - Lubagueiras | Ida     | LMMcXV             | Todos        | Non lectiva     | 16:05         | 16:55           | Si                   |
| XG863180104 | XG8631801   | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Remesquide - Lubagueiras | Volta   | LMMcXV             | Non festivos | Anual           | 10:30         | 11:20           | Si                   |
| Código      | Código ruta | Nome da ruta   | Sentido | Frecuencia semanal | Tipo de días | Temporada anual | Hora de saída | Hora de chegada | Expedición a demanda |
| XG863190101 | XG8631901   | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Vilar-Bama               | Volta   | LMMcXV             | Todos        | Lectiva         | 09:07         | 09:45           | Si                   |
| XG863190102 | XG8631901   | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Vilar-Bama               | Ida     | LMMcV              | Todos        | Lectiva         | 16:05         | 16:43           | Si                   |
| XG863190103 | XG8631901   | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Vilar-Bama               | Ida     | X                  | Todos        | Lectiva         | 17:05         | 17:43           | Si                   |
| XG863190104 | XG8631901   | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Vilar-Bama               | Volta   | LMMcXV             | Todos        | Non lectiva     | 09:07         | 09:45           | Si                   |
| XG863190105 | XG8631901   | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Vilar-Bama               | Ida     | LMMcXV             | Todos        | Non lectiva     | 16:05         | 16:43           | Si                   |
| Código      | Código ruta | Nome da ruta   | Sentido | Frecuencia semanal | Tipo de días | Temporada anual | Hora de saída | Hora de chegada | Expedición a demanda |
| XG863200101 | XG8632001   | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Vilar                    | Ida     | LMMcV              | Todos        | Lectiva         | 16:05         | 16:45           | Si                   |

| XG863200102 | XG8632001   | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Vilar        | Ida     | X                  | Todos        | Lectiva         | 17:05         | 17:45           | Si                   |
|-------------|-------------|--|---------|--------------------|--------------|-----------------|---------------|-----------------|----------------------|
| XG863200103 | XG8632001   | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Vilar        | Ida     | LMMcXV             | Todos        | Non lectiva     | 16:05         | 16:45           | Si                   |
| XG863200104 | XG8632001   | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Vilar        | Volta   | LMMcXV             | Non festivos | Anual           | 10:30         | 11:10           | Si                   |
| Código      | Código ruta | Nome da ruta                                 | Sentido | Frecuencia semanal | Tipo de días | Temporada anual | Hora de saída | Hora de chegada | Expedición a demanda |
| XG863210101 | XG8632101   | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Vilar-Chaira | Volta   | LMMcXV             | Todos        | Lectiva         | 09:03         | 09:45           | Si                   |
| XG863210102 | XG8632101   | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Vilar-Chaira | Ida     | LMMcV              | Todos        | Lectiva         | 16:05         | 16:47           | Si                   |
| XG863210103 | XG8632101   | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Vilar-Chaira | Ida     | X                  | Todos        | Lectiva         | 17:05         | 17:47           | Si                   |
| XG863210104 | XG8632101   | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Vilar-Chaira | Volta   | LMMcXV             | Todos        | Non lectiva     | 09:03         | 09:45           | Si                   |
| XG863210105 | XG8632101   | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Vilar-Chaira | Ida 6   | LMMcXV             | Todos        | Non lectiva     | 16:05         | 16:47           | Si                   |
| Código      | Código ruta | Nome da ruta                                 | Sentido | Frecuencia semanal | Tipo de días | Temporada anual | Hora de saída | Hora de chegada | Expedición a demanda |
| XG863220101 | XG8632201   | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Meres 2      | Volta   | LMMcXV             | Todos        | Lectiva         | 09:10         | 09:45           | Si                   |
| XG863220102 | XG8632201   | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Meres 2      | Ida     | LMMcV              | Todos        | Lectiva         | 16:05         | 16:40           | Si                   |
| XG863220103 | XG8632201   | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Meres 2      | Ida     | X                  | Todos        | Lectiva         | 17:05         | 17:40           | Si                   |
| XG863220104 | XG8632201   | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Meres 2      | Volta   | LMMcXV             | Todos        | Non lectiva     | 09:10         | 09:45           | Si                   |
| XG863220105 | XG8632201   | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz - Meres 2      | Ida     | LMMcXV             | Todos        | Non lectiva     | 16:05         | 16:40           | Si                   |

Tendo en conta o exposto, o Concello de Touro, e coa necesidade de facilitar aos veciños e veciñas de Touro a utilización do transporte público por estrada, por unanimidade, acorda presentar as seguintes alegacións co fin de que sexan incorporadas ao anteproxecto:

**Primeira.**- A integración da liña intramunicipal LIÑA DOS DÍAS 5 DE CADA MES, desde as parroquias ata Fonte Díaz (TOURO), con motivo da celebración da “Feira do día 5”, acontecemento que reúne un número importante de veciños/as do municipio así como doutros limítrofes coa inclusión de dous autobuses distribuídos en dúas zonas.

**AUTOBÚS ZONA 1:**

A saída sería ás 10 h. volta ás 14:30 h. incluíndo os horarios e percorridos que se relacionan a continuación:

10:05 H.- QUIÓN: Toxa, San Fins, Muíña.

10:10 H.- ANDEADE: A Igrexa, Casa Grande.

10:20 H.- BESEÑO: Murgás, Oca de Abaixo, Forte, Igrexa.

10:30 H.- TURCES: Casas Novas, Merés, Calvos de Arriba, Sartés.

10:50 H.- CIRCÉS: No cruce.

11:00 H.- CALVOS: Vilar (arriba do campo de fútbol), Xunqueira, Rilo.

11:10 H.- CORNADO: Subres, Freire, Cillobre, Mane.

11:25 H.- NOVEFONTES,; Sestelo

11:30 H.- FAO: Aldrén, Cascallón

**AUTOBÚS ZONA 2:**

A saída sería ás 10 h. volta ás 14:30 h. incluíndo os horarios e percorridos que se relacionan a continuación:

10:10 H.- RIBEIRA: Os Muíños

10:15 H.- FOXÁS: Obra (Fronte ao cemiterio), Foxás de Abaixo, Grixó

10:30 H.- BENDAÑA: No campo da festa.

10:45 H.- VILAR: Empalme, Barreiriña.

10:55 H.- PREVEDIÑOS: Xunto ao campo da festa, Noaio.

11:00 H.- BAMA: Millares Grande, Xesteira

11:15 H.- ENQUERENTES: As Quintás

11:20 H.- FONTES ROSAS: Cimadevila.

11:25 H.- LOXO: Goleta.

**Segunda.**- Incluir na ruta de temporada anual denominada Hortas- Santiago E.A. sentido: ida (horario de saída 08:00 h e 14:15 h) e volta (horario de volta 13:00 h e 18:00 h) (código ruta: XG8630101) a proposta dunha modificación do trazado da ruta coa inclusión de novas paradas que se relacionan despois da de Brandelos (código parada 1067), regresando cara á parroquia de Bama realizando paradas nos lugares de (Xesteira, Sar e Millares Grande), para posteriormente continuar cara á parroquia de Prevediños realizando paradas nos lugares de (Noaio, Castro) saíndo novamente a parada de Barranco código parada (1069) para continuar coa ruta existente, tendo en conta que por onde discorre na actualidade desde o lugar de Brandelos (código parada 1067) ata a parada de Barranco código parada (1069), non existe punto de parada intermedio.

**Terceira.**- Incluir nova expedición nome da ruta: Merés-Santiago E.A. (código ruta XG8630201) con frecuencia semanal LMMCXV temporada anual, tipo de días non festivos, con ida ás 9:30 h chegada a Santiago ás 10:43 h.

Incluir unha nova expedición da liña XG8630201 (Merés – Santiago E.A.) con frecuencia semanal de LMMXV e temporada anual días non festivos con saída de Santiago ás 20:00.

**Cuarta.**- Incluir nova expedición nome da ruta: Merés-Santiago E.A. (código ruta XG8630201) temporada anual os sábados non festivos con ida ás 9:30 h chegada a Santiago ás 10:43 h e volta ás 13:30 h e chegada a Merés ás 14:43 h, debido a que nese percorrido non existe na actualidade ningunha liña os sábados non festivos con destino a Santiago.

Incluír unha nova expedición da liña XG8630201 (Merés – Santiago E.A.) con frecuencia semanal de LMMXV e temporada anual días non festivos con saída de Santiago ás 20:00.

**Quinta.**- Incluír proposta dunha modificación de trazado, en todas as expedicións e frecuencias da liña Merés-Santiago E.A. (código ruta XG8630201) temporada anual, coa inclusión dunha nova parada na liña. A continuación da parada de Fao 2 (código 9192), continuar cara á parroquia de Novefontes facendo parada en Sestelo e regresando novamente cara á parroquia de Fao parada Fao 2 (código 9192), para continuar coa ruta existente, cara a Santiago no sentido de ida e máis no de volta.

Incluír unha nova expedición da liña XG8630201 (Merés – Santiago E.A.) con frecuencia semanal de LMMXV e temporada anual días non festivos con saída de Santiago ás 20:00.

**Sexta.**- Introducir unha nova liña de enlace coa ruta denominada no anteproxecto “Lugo-Santiago de Compostela” clave XG802 nome da ruta Lugo E.A.- Santiago E.A. (por Lavacolla), (código XG8020101) con frecuencia semanal diaria temporada anual, tipo de días todos, con parada no Empalme de Santa Irene cara a Santiago ás 8:20 h aprox. A saída sería ás 7:30 horas da parroquia de Beseño Cocheras (Baiobre), Oca de Arriba, Oca de Abaixo, Barrido, Vilanova, Igrexa, Gordela) Turces (Gordela, Riveira, Marzá, O Monte), Calvos (Sartes, Carballiño) Circes (cruce xunto a igrexa) Calvos (Xunqueira, Calvos de Arriba), Cruce da Baiuca, parroquia de Santiso (Cruce de Mane), Andeade (Castelo) Quión (Muíña, Toxa) chegando a Santa Irene para facer transbordo coa liña Lugo E.A.- Santiago E.A. (por Lavacolla).

O regreso desde Santiago na ruta nome Arzúa-Santiago (Código XG8020103), saíndo ás 13:30 h da Estación de Autobuses de Santiago, frecuencia semanal LMMcXV, non festivos, temporada anual con parada no Empalme de Santa Irene ás 14:10 h. aprox. para facer transbordo á nova liña de creación solicitada para facer o percorrido de regreso cara a Quión (Toxa, Muíña), Andeade (Castelo), Santiso (Cruce de Mane), Cruce da Baiuca, Calvos (Calvos de Arriba, Xunqueira), Circes (cruce xunto a igrexa), Calvos (Carballiño, Sartes), Turces (O Monte, Marzá Riveira, Gordela), Beseño (Gordela, Igrexa, Vilanova, Oca de Abaixo, Oca de Arriba, Cocheras (Baiobre).

**Sétima.**- Tendo en conta que as liñas de transporte escolar, fan as expedicións con destino ao CPI Plurilingüe de Fonte Díaz desde as paradas de partida en horario aproximado ás 09:00 h, e con horario de chegada ás 09:45 h, facilítase así que os usuarios, baixo petición de demanda, poidan desprazarse desde a parada en calquera parroquia do Municipio con destino a Fonte Díaz, para deste xeito realizar xestións no núcleo de Fonte Díaz ou para utilizar o servizo de transporte que parte de Touro cara a Santiago ás 10 h (código da ruta XG8630102).

Para as persoas que necesiten realizar xestións de distinta índole no núcleo de Fonte Díaz, consideramos que facer uso das liñas de transporte escolar do CPI Plurilingüe Fonte Díaz que realizan a ida ás 16:05 h os LMMcV e o xoves ás 17:05 h no período lectivo e ás 16:05 h os LMMcXV no período non lectivo, é de bastante demora, polo que solicitamos que se inclúa, baixo expedición a demanda, un servizo de ida ás 13:00 horas, desde o CPI Plurilingüe Fonte Díaz para os seus puntos de orixe. Desta expedición pódense beneficiar ademais os usuarios que regresan de Santiago na ruta Touro Santiago E.A. (código ruta: XG8630102) con horario de volta ás 11:30 h e chegada a Touro ás 12:20 h. No período non lectivo (non habendo transporte escolar) hai unha enorme deficiencia na comunicación das parroquias con Fonte Díaz. Isto pode corrírse coa implementación de dúas novas expedicións a demanda durante este período, que cheguen a Fonte Díaz as 9:45 e retornen entre as 12:30 ou 13:00:

1. Liña de Novefontes, Fao, Ribeira, Foxás, Bendaña, Vilar, Prevediños, Bama, Enquerentes-Fontes Rosas, Loxo, Touro.
2. Liña de Beseño, Turces, Calvos, Circes, Cornado, Andeade, Quión, Touro.

**Oitava.**- Incluír, baixo expedición a demanda o regreso desde os puntos de orixe novamente cara ao CPI Plurilingüe Fonte Díaz, ás 13:30 h aproximada para logo regresar si así o solicitan, baixo expedición de demanda ás 16:05 h.

No período non lectivo (non habendo transporte escolar) hai unha enorme deficiencia na comunicación das parroquias con Fonte Díaz. Isto pode corrixirse coa implementación de dúas novas expedicións a demanda durante este período, que cheguen a Fonte Díaz as 9:45 e retornen entre as 12:30 ou 13:00:

1. Liña de Novefontes, Fao, Ribeira, Foxás, Bendaña, Vilar, Prevediños, Bama, Enquerentes-Fontes Rosas, Loxo, Touro.
2. Liña de Beseño, Turces, Calvos, Circes, Cornado, Andeade, Quión, Touro.

**Novena.**- A liña (XG806305) Turces-Castiñeiriño-Santiago E.A. prevista neste anteproxecto ten carácter lectiva; deberá modificarse e pasar a carácter anual. Así mesmo, en período lectivo deberá estenderse a súa frecuencia semanal incorporando un traxecto en sentido Santiago os domingos a media tarde, de xeito que permita a conexión desde Santiago E.A. con outros puntos dos principais núcleos de estudantes.

Trátase dun recorrido estratéxico, que vertebra unha área moi importante do concello.

A liña (XG806305) Turces-Castiñeiriño-Santiago E.A. deberá ter inicio na parroquia de Beseño (poboacións que neste anteproxecto non dispoñen de comunicación algunha excepto as liñas integradas; totalmente insuficientes) e incluír no seu traxecto a parada 1034-Cornado de xeito que permita unha mellora da comunicación que é demandada pola veciñanza.

**Décima.**- Modificación/ampliación do recorrido da liña XG-86303 (Turces – Codeso – Santiago E.A.): na parte final, unha vez chega a Andeade, continuar por Cornado-1034, Calvos, Circes, Turces e final en Beseño. Melloraría a conexión de Fonte Díaz con todas as parroquias situadas ao Leste en horario de tarde, tanto para retornar de Santiago como de Fonte Díaz.

**Décimo primeira.**- Deberán adaptarse as liñas aos horarios dos centros educativos.

**Décimo segunda.**- Deberán incorporarse a petición baixo demanda as liñas non reguladas.

**Décimo terceira.**- Creación dunha nova liña Touro-Arzúa.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo señor Alcalde declarouse finalizada a sesión sendo as quince horas e trinta minutos do día ao principio indicado, levantándose a presente acta autorizada coa firma do señor Alcalde e de min, o Secretario, que dou fe.